

As alas da serpe

Sol Mariño



Aira

ÍNDICE

AutoEstrada

ou O Camiño Da Liberdade Fica Lonxe Da Casa

Vin Chover Enriba Do Mundo

Na Cova Que O Mundo Chama Corpo

Sempre Se Pode Confiar Nunha Árbore

Nada Me Pertence

Tudo Faz Parte De Mim



AutoEstrada
ou
O Camiño Da Liberdade
Fica Lonxe Da Casa





Ruta 34

Vimos alborexar a estrada
E caéronnos as mans esnaquizadas do frío
Nós tan cheos de vento e os carros baleiros
Viñemos porque quixemos
Polo mesmo que cantan os paxaros
E inventan palabras as mulleres
E fuman as bocas

Ficarán seis horas, coma no Tarragal?
Ou faremos tamén noite nesta gasoleira?
Frío ou non nos ósos?

Mesmo do asfalto virá algo bo
Caerá do ar ou subirá da terra
Algún caldo fervido
Un soño en lata ou cativo
Presente cheo co derradeiro peso do porco que nunca
[matei

Virá sen máis para levarnos en teleférico
Apagar esta música de merda
Abrir a porta do sol e do viño

Esta patas están sen durmir porque quixemos
Porque era noite e xa viría o día
E os que nos acompañaban facían

Catros 40 e catros 80 e oitos
Co seu corpo bébedo
E estaban felices de tolemia e piadas e *birra*
E eu quería ser coma eles
Ou ir comigo ata
Min

Carona

Apalpada pola á dunha garza
As súas crías aniñaron nos meus ósos
O camión abaneaba cuspía
Movemento entre as madeiras
As garzas novas emprendían o voo
Acollen na plumaxe as viaxeiras
Elas pagan as peaxes e os pratos de arroz
Esfarelan co bico o pouco que teñen
e como esas mans frean para a Virxe de Copacabana
Espállano pola terra namentres voan

Con René sobre o camión cinco estrelas
Viaxamos de Trinidad a Santa Cruz
Día e noite de intemperie horizontal
Horas de ceo comigo e sen min
Salvounos dos carnívoros mosquitos
Que urdían o seu masacre nunha gasoleira de Trinidad
Cidade que converte o río en ruta sobre barcas de madeira
Deunos teito baixo a chuvia
O camión de René
Eu pensaba que ía ficar doente
Medo ao diésel na gorxa
Cando estaba a chuviñarme no rostro
Que insensata
Esa chuvia non me puidera nunca enfermar